**AMPLÍASE NUNHA SEMANA**

**O PERMISO POR PARTO DURANTE O 2016**

O permiso por parto foi regulado e ampliada a súa duración a 18 semanas no artigo 121 da Lei de Emprego Público publicada en maio de 2015 (DOG nº 82, do 4 de maio de 2015: LEI 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.)

Para a efectividade desta ampliación, a propia Lei de Emprego recolle unha disposición transitoria, con este texto:

***Disposición transitoria sexta. Ampliación da duración dos permisos por parto e por adopción ou acollemento***.

*A duración dos permisos por parto e por adopción ou acollemento establecida na alínea primeira do artigo 121 e na alínea primeira do artigo 122 acadarase progresivamente consonte o seguinte calendario:*

*a) Dezaseis semanas no caso de nacementos, adopcións ou acollementos que se produzan durante o ano 2015.*

*b)* ***Dezasete semanas no caso de nacementos, adopcións ou acollementos que se produzan durante o ano 2016*** *.*

*c) Dezaoito semanas no caso de nacementos, adopcións ou acollementos que se produzan durante o ano 2017 e sucesivos.*

**Polo tanto, durante o ano 2016, o permiso por parto pasa a ser de 17 semanas en lugar das 16 semanas que viñan sendo habitual.**

**Se queres saber máis ou tes algunha dúbida, contacta connosco por correo, teléfono, redes sociais ou pasa polos nosos locais sindicais.**